



CURSO 2019 - 2020

# PROPOSTA DIDÁCTICA SECCIÓN BILINGÜE

1º. EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP A IGREXA CALO – TEO

## **ÍNDICE:**

### **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:**

- a) Introducción.
- b) Contextualización:
  - 1. Obxectivos e Ámbitos de Actuación da **LOMCE**.
  - 2. Principio do Sistema Educativo.
  - 3. Elementos do Currículo na **LOMCE**.

### **2.- OBXECTIVOS DE ETAPA E COMPETENCIAS CLAVE:**

- a) Obxectivos da Etapa de Educación Primaria.
- b) Competencias Clave do Currículo de Educación Primaria.

### **3.- CONTIDOS EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁSTICA.**

### **4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁSTICA:**

- a) 1º. Educación Primaria.

### **5.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A OBXECTIVOS, CONTIDOS E A CADA BLOQUE DE CONTIDO:**

- a) 1º. Educación Primaria.

### **6.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE:**

- a) 1º. Educación Primaria.

### **7.- RÚBRICAS:**

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

### a) INTRODUCCIÓN.

A Programación Didáctica para o Segundo Curso da Educación Primaria está fundamentado no establecido no **Real Decreto 126/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 28 de febreiro**, polo que se establece o currículo básico da Educación primaria, e **no Decreto de 4 de setembro de 2014 da Consellería de Educación de Galicia** pola que se establece o Currículo de Educación Primaria para esta Comunidade.

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos nenos e nenas, axúdanos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que imponen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir, tal e como se indica no informe da Unesco da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI (Delors, 1996).

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os nenos e as nenas a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Nunha sociedade en constante cambio as demandas que ten un individuo varían dunha situación a outra e dun momento a outro.

Por este motivo defendemos un modelo de competencia holístico, dinámico e funcional que xorde da combinación de habilidades prácticas, coñecementos (incluíndo o coñecemento tácito), motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outras compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten. Esta concepción está alineada cos principios da aprendizaxe significativa e funcional das teorías construtivistas (p.e. Ausubel et al.,1978).

Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica para o Segundo Curso: a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfronta (Bruer, 1993).

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non fomos capaces de presentar os contidos das diferentes materias ou áreas de coñecemento de forma articulada para facilitar o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento das Competencias Clave a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada área.

Tendo en conta que cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, ao mesmo tempo, cada unha das competencias se alcanzará como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias, a Programación Didáctica adopta unha perspectiva globalizadora á vez que pon a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirese a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

Queremos significar, tamén, o carácter lúdico que procuramos darlle a cada un dos materiais da nosa Programación Didáctica para o Segundo Curso. A actividade lúdica é un importante recurso didáctico, principalmente no Segundo Curso da Educación Primaria. Pensamos que xogo e traballo son complementarios e que ambos os dous deben resultar motivadores e gratificantes para que o alumnado constrúa as súas aprendizaxes.

Se ao que antecede lle engadimos a presenza duns contidos que por especial importancia na nosa sociedade deben impregnar moitas das actividades de aprendizaxe así como o interese por fomentar a capacidade do alumno para regular o seu propio proceso de aprendizaxe e seguir aprendendo ao longo da vida, teremos os piares sobre os cales elaboramos a presente Programación Didáctica para o Segundo Curso da Educación Primaria.

**Características da Contorna:** O alumnado de Segundo de Educación Primaria vive practicamente na súa totalidade no concello de Teo, (agás algún que procede do Milladoiro, Concello de Ames).

Utilizan o comedor e o transporte escolar, dividíndose en dúas etapas, co cal, algúns chegarán ao centro antes que outros, e asímosmo, marcharán do centro, despois.

A proximidade do centro á cidade de Santiago fai, que a meirande da poboación activa, traballe nesta cidade ou nas localidades cerca: Padrón, Milladoiro, Bertamiráns, Ramallosa, Cacheiras, sendo o concello de Teo un aglutinador de persoas de sempre, xunto con persoas procedentes doutras localidades galegas.

Por tanto, a oferta cultural da cidade (en canto a espectáculos) e o seu modo de vida non son descoñecidos para estes alumnos/as, como tampouco están desconectados das tradicións e costumes vixentes no rural galego.

En canto a procedencia socio-económica, a maioría provén de familias cun nivel económico medio, ou medio-baixo. Traballadores da construción e do sector servizos.

Polo que respecta aos usos lingüísticos do alumnado predomina o grupo que teñen o castelán como lingua inicial, aínda que proceden de ambientes familiares galego-falantes.

Outro grupo bastante numeroso, ten o galego como lingua inicial e familiar. Intenta falar en castelá para relacionarse cos demais.

Existe unha minoría que tendo o galego como lingua inicial, utilízao en todas as situacións sociais e familiares.

Entre os nosos principais obxectivos destacan os seguintes:

- Favorecer a calidade do ensino das comunidades rurais.
- Favorecer a participación de tódolos membros da comunidade educativa.
- Favorecer a coordinación dos equipos de traballo, aplicando proxectos conxuntos, que permitan a integración das aprendizaxes nas entornas respectivas.

## b) CONTEXTUALIZACIÓN.

### 1. Obxectivos e Ámbitos de Actuación da LOMCE.

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (**LOMCE**) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

<b>PRINCIPAIS RETOS EDUCATIVOS</b>	<b>OBXECTIVOS DA LOMCE</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Elevadas taxas de abandono escolar temperán.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Encouzar os estudantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Reducido número de alumnos que acada a excelencia.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos excelentes.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do alumnado.</li></ul>

Para lograr estes obxectivos a **LOMCE** centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

- **Racionalización da Oferta Educativa.** O currículo simplificarase coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.
- **Flexibilización das Traxectorias Educativas.** Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESO.
- **Autonomía dos Centros Educativos.** Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.
- **Reforzo da Capacidade de Xestión da Dirección dos Centros.** Os directores asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.
- **Implantación de Avaliacións Externas.** Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: 6º. Curso de Educación Primaria, 4º. Curso de ESO e 2º. Curso de Bacharelato.

Ademais, a **LOMCE** define tres novos ámbitos de actuación que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:

- **A Incorporación Xeralizada das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).** A través das TIC facilitarase a personalización da educación.
- **O Fomento do Plurilingüismo.** Fixado pola Unión Europea, lograrase pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.
- **A Modernización da Formación Profesional.** Adaptarase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicaranse as empresas na formación.

Seguindo as recomendacións das institucións europeas a **LOMCE** incorpora a educación cívica e constitucional como contido transversal en todas as materias da educación básica O obxectivo é transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade.

## 2. Principio do Sistema Educativo.

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados no epígrafe anterior, concíbese a **LOMCE** como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (**LOE**) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos principios que inspiran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:

- A equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.
- Recoñecemento dos proxenitores e titores como primeiros responsables da educación dos seus fillos.
- A educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos, así como o fomento da non violencia e a prevención do acoso escolar.
- Desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e que axuden a previr a violencia de xénero.
- A liberdade de ensino, que lles recoñece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo.

Para garantir o desenvolvemento destes principios defínese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España.

Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

### **3. Elementos do Currículo na LOMCE.**

A **LOMCE** modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- **Os Obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- **As Competencias ou Capacidades** para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- **Os Contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.  
Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.
- **Os Estándares e Resultados de Aprendizaxe Avaliables**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- **Os Criterios de Avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- **A Metodoloxía Didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

## 2.- OBXECTIVOS DE ETAPA E COMPETENCIAS CLAVE:

### a) OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

OBXECTIVOS		COMPETENCIAS CLAVE
<b>a</b>	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.	Competencias Sociais e Cívicas. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.
<b>b</b>	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	Competencias Sociais e Cívicas. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. Aprender a Aprender.
<b>c</b>	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.	Competencias Sociais e Cívicas. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. Aprender a Aprender. Comunicación Lingüística.
<b>d</b>	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.	Competencias Sociais e Cívicas. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. Conciencia e Expresións Culturais
<b>e</b>	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.	Comunicación Lingüística. Aprender a Aprender. Competencias Sociais e Cívicas.
<b>f</b>	Adquirir, cando menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.	Comunicación Lingüística. Aprender a Aprender.  Competencias Sociais e Cívicas.



<b>g</b>	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.	Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía. Aprender a Aprender. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.
<b>h</b>	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.	Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía. Aprender a Aprender. Sociais e Cívicas. Conciencia e Expresións Culturais.
<b>i</b>	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.	Dixital. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.
<b>j</b>	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.	Conciencia e Expresións Culturais. Comunicación Lingüística. Dixital.
<b>k</b>	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía. Sociais e Cívicas.
<b>l</b>	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.	Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía. Sociais e Cívicas.
<b>m</b>	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.	Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. Sociais e Cívicas. Conciencia e Expresións Culturais.
<b>n</b>	Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.	Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. Sociais e Cívicas.
<b>o</b>	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando as	Sociais e Cívicas. Competencia Matemática e Competencias básicas en

mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.	Ciencia e Tecnoloxía. Conciencia e Expresións Culturais.
---	---

**b) COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Comunicación Lingüística	<b>CCL</b>
Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía	<b>CMCT</b>
Competencia Dixital	<b>CD</b>
Aprender a Aprender	<b>CAA</b>
Competencias Sociais e Cívicas	<b>CSC</b>
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<b>CSIEE</b>
Conciencia e Expresións Culturais	<b>CCEC</b>

### 3.- CONTIDOS EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁTICA:

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁTICA</b>
<b>Bloque 1. Educación Audiovisual.</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.</li></ul>
<b>Bloque 2. Expresión Artística.</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.</li></ul>
<b>Bloque 3. Debuxo Xeométrico.</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.</li></ul>

#### 4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁSTICA:

a) 1º. Educación Primaria.

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁSTICA</b>		
<b>Criterios de Avaliación</b>	<b>Estándares de Aprendizaxe</b>	<b>Competencias Clave</b>
<b>B1.1.</b> Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.	<b>EPB1.1.1.</b> Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	<b>CCEC, CCL</b>
<b>B1.2.</b> Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.	<b>EPB1.2.1.</b> Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. <b>EPB1.2.1.</b> Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. <b>EPB1.2.2.</b> Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	<b>CCL, CCEC</b>
<b>B1.3.</b> Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	<b>EPB1.3.1.</b> Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. <b>EPB1.3.2.</b> Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas	<b>CCL, CCEC</b>
<b>B1.4.</b> Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	<b>EPB1.4.1.</b> Identifica diferentes formas de representación do espazo. <b>EPB1.4.2.</b> Representa de diferentes maneiras o espazo.	<b>CCL, CCEC</b>
<b>B1.5.</b> Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar,	<b>EPB1.5.1.</b> Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	<b>CCEC, CAA</b>

encher, traballar con pincel, pagamentos etc.).		
<b>B2.1.</b> Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	<p><b>EPB2.1.1.</b> Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.</p> <p><b>EPB2.1.2.</b> Realiza correctamente mesturas de cores primarias.</p> <p><b>EPB2.1.3.</b> Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.</p> <p><b>EPB2.1.4.</b> Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.</p>	<b>CCEC, CAA</b>
<b>B2.2.</b> Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	<p><b>EPB2.2.1.</b> Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.</p> <p><b>EPB2.2.2.</b> Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.</p>	<b>CCEC, CSC</b>
<b>B2.3.</b> Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	<p><b>EPB2.3.1.</b> Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.</p> <p><b>EP2.3.2.</b> Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.</p>	<b>CCEC, CAA</b>
<b>B2.4.</b> Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.	<p><b>EP2.4.1.</b> Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.</p> <p><b>EP2.4.2.</b> Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para</p>	<b>CCEC, CAA</b>

	realizar diferentes formas xeométricas. <b>EP2.4.3.</b> Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	
<b>B2.5.</b> Recoñecer as partes principais da figura humana.	<b>EP2.5.1.</b> Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	<b>CCEC, CMCCT</b>
<b>B2.6.</b> Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	<b>EP2.6.1.</b> Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. <b>EP2.6.2.</b> Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	<b>CCEC, CD</b>
<b>B2.7.</b> Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	<b>EP2.7.1.</b> Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	<b>CSC</b>
<b>B2.8.</b> Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	<b>CSC</b>

**5.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A OBXECTIVOS, CONTIDOS E A CADA BLOQUE DE CONTIDO:**

**a) 1º. Educación Primaria.**

<b>ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA – PLÁSTICA</b>			
<b>BLOQUE</b>	<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>	<b>j, e</b>	<p><b>B1.1.</b> Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.).</p> <p><b>B1.2.</b> Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.).</p>	<b>EPB1.1.1.</b> Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>	<b>j, e</b>	<p><b>B1.3.</b> Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos.</p> <p><b>B1.4.</b> Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística.</p> <p><b>B1.5.</b> Descrición de imaxes presentes no contexto.</p> <p><b>B1.6.</b> Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.).</p>	<p><b>EPB1.2.1.</b> Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.</p> <p><b>EPB1.2.2.</b> Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.</p>
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>	<b>j, e</b>	<p><b>B1.7.</b> Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas.</p> <p><b>B1.8.</b> Descrición verbal de sensacións e observacións.</p>	<p><b>EPB1.3.1.</b> Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.</p> <p><b>EPB1.3.2.</b> Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores</p>

			e texturas.
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>	<b>j, e</b>	<b>B1.9.</b> Exploración de distancias, recorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. <b>B1.10.</b> Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.).	<b>EPB1.4.1.</b> Identifica diferentes formas de representación do espazo. <b>EPB1.4.2.</b> Representa de diferentes maneiras o espazo.
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>	<b>j</b>	<b>B1.11.</b> Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes	<b>B1.5.</b> Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>j, b</b>	<b>B2.1.</b> Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.	<b>EPB2.1.1.</b> Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. <b>EPB2.1.2.</b> Realiza correctamente mesturas de cores primarias. <b>EPB2.1.3.</b> Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. <b>EPB2.1.4.</b> Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>j, b</b>	<b>B2.2.</b> Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas	<b>EPB2.2.1.</b> Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno



		dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.	próximo e o imaxinario. <b>EPB2.2.2.</b> Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>j, b</b>	<b>B2.3.</b> Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. <b>B2.4.</b> Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares.	<b>EPB2.3.1.</b> Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. <b>EP2.3.2.</b> Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>j, g</b>	<b>B2.5.</b> Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.). <b>B2.6.</b> Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume.	<b>EP2.4.1.</b> Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. <b>EP2.4.2.</b> Emprega ferramentas básicas do debuxo (regla e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. <b>EP2.4.3.</b> Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>j, h</b>	<b>B2.7.</b> Exploración visual e táctil da figura humana.	<b>EP2.5.1.</b> Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>aj i</b>	<b>B2.8.</b> Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.	<b>EP2.6.1.</b> Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. <b>EP2.6.2.</b> Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>a, j</b>	<b>B2.9.</b> Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos.	<b>EP2.7.1.</b> Coida o material e respecta as normas preestablecidas.

		<b>B2.10.</b> Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais.	
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>	<b>a, j, c</b>	<p><b>B2.11.</b> Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística.</p> <p><b>B2.12.</b> Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas.</p>	<b>EP2.8.1.</b> Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.

## 6.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE:

### a) 1º. Educación Primaria.

<b>ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA – PLÁSTICA</b>	
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN</b>
<b>EPB1.1.1.</b> Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB1.2.1.</b> Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB1.2.2.</b> Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB1.3.1.</b> Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB1.3.2.</b> Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB1.4.1.</b> Identifica diferentes formas de representación do espazo.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB1.4.2.</b> Representa de diferentes maneiras o espazo.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>B1.5.</b> Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB2.1.1.</b> Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB2.1.2.</b> Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB2.1.3.</b> Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaaas con sentido nas súas obras.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB2.1.4.</b> Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB2.2.1.</b> Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.

<b>EPB2.2.2.</b> Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EPB2.3.1.</b> Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.3.2.</b> Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.4.1.</b> Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.4.2.</b> Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.4.3.</b> Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.5.1.</b> Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.6.1.</b> Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.6.2.</b> Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.7.1.</b> Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.
<b>EP2.8.1.</b> Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	Pronunciación. Observación. Escritura. Producción.

**7.- RÚBRICAS:**

UNIT :	OBXECTIVOS DIDÁCTICOS							
	1. Identify a sculpture as a piece of artwork.	2. Recognize the value of museums and art.	3. Distinguish between big and small sculptures	4. Recognise the basic parts of the body in a sculpture.	5. Use different art techniques and materials to draw a friend.	6. Identify basic geometric shapes and identify them	7. Recognise symmetry in the human body.	8. Evaluation.
NAME								
1.-								
2.-								
3.-								
4.-								
5.-								
6.-								
7.-								
8.-								
9.-								
10.-								
11.-								
12.-								
13.-								
14.-								
15.-								
16.-								
17.-								
18.-								
19.-								

**NOTA: 1 = Non Adquirida, 2 = En Vías de Adquisición, 3 = Adquirida**